



**Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se acorda a ampliación do prazo para a inscrición na campaña da vixilancia da saúde do persoal docente e non docente (funcionario e laboral), destinado en centros públicos, non universitarios dependentes da dita Consellería, 2015-2016.**

Con data 30 de novembro do 2015 tivo lugar a publicación na páxina web oficial da Consellería de Educación, o anuncio da vixente campaña da vixilancia da saúde xunto coa Resolución do 27/11/2015 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se autoriza a difusión da campaña de vixilancia periódica da saúde para o persoal docente e non docente, destinado en centros docentes públicos non universitarios, dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

De conformidade coa cláusula terceira da dita Resolución, o prazo de inscrición será **de dez (10) días naturais** a partir do día seguinte ao da difusión desta campaña na páxina web oficial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Tendo presente de entre os obxectivos desta campaña actual de vixilancia da saúde, o principal de que ningunha persoa do colectivo a que vai dirixida, que desexe participar nela, quede sen poder facelo e por razóns de operatividade da ferramenta informática posta a súa disposición para efectuar a solicitude telemática do seu recoñecemento médico,

## ACORDO

**Ampliar o prazo de inscrición** sinalado na cláusula terceira da Resolución do 27/11/2015, **en cinco (5) días naturais** a contar dende o último establecido.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2015.

O Secretario Xeral Técnico



Jesús Oitavén Barcala